

*Celebrada hoxe a súa Asemblea Xeral*

## **EROSKI COMEZA UNHA NOVA ETAPA NA QUE PREVÉ A INCORPORACIÓN DE 2.000 NOVOS SOCIOS Á COOPERATIVA NOS VINDEIROS 5 ANOS**

- EROSKI investirá 420 M€ ao longo do Plan Estratéxico 21-24 na apertura de 300 novas tendas e na transformación da rede para fortalecer a súa posición de liderado na zona norte
- A Asemblea Xeral aprobou as contas anuais e a distribución de resultados do exercicio 2020
- A Asemblea Xeral de delegados, o máximo órgano de decisión da cooperativa, convocou a 250 Socios Traballadores e a 250 Socios Consumidores

**Barakaldo, 16 de xuño do 2021.-** [EROSKI](#) celebrou esta tarde a súa Asemblea Xeral Ordinaria anual en Barakaldo (Biscaia), á que estaban convocadas 500 persoas socias representantes dos seus colectivos de Socios Traballadores e Socios Consumidores.

### **2020 representa o peche dunha etapa comezada no 2008**

O seu Presidente, Agustín Markaide, repasou os obxectivos alcanzados o pasado exercicio e destacou o peche da etapa de redimensionamento e renovación comezada hai 12 anos.

Markaide lembrou que *"o 2020 foi un ano excepcional. Principalmente, pola incidencia da COVID, pero tamén polo positivo desempeño que EROSKI desenvolveu en circunstancias excepcionais"*. O beneficio operativo do grupo no 2020 foi o mellor dos últimos 12 anos, ata alcanzar os 252 millóns de euros. Unhas contas, tanto as anuais individuais da cooperativa matriz como as consolidadas do grupo EROSKI, que a Asemblea Xeral aprobou, xunto co Informe de Xestión do exercicio 2020.

*"Encadeamos anos de mellora progresiva e iso é froito da materialización dos sucesivos plans de resistencia e transformación, que concluíron co redimensionamento do noso negocio, pero tamén coa mellora do seu atractivo e competitividade. Foi unha etapa que superamos grazas á nosa cultura cooperativa de esforzo, solidariedade e sacrificio. Unha etapa que estamos a concluír e da que saímos reforzados para atendermos calquera circunstancia en mellor disposición"*, repasou o seu presidente.

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

#### **CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

## **Distribución de resultados negativos: creación dunha Reserva Negativa Individualizada compensable en 5 anos**

Seguindo cos criterios que EROSKI mantivo anteriormente na distribución de resultados negativos, os socios e socias da cooperativa aprobaron a correspondente ao pasado exercicio a cargo do Fondo de Reserva Obrigatorio, do Fondo de Reserva Voluntario e da Reserva Negativa Individualizada (RNI) de cada socia e socio. A RNI do 2020 ten un saldo de 250 millóns que se poderán compensar cos beneficios dos vindeiros 5 anos, de modo similar a como aconteceu en exercicios anteriores. Todo iso, conforme ao establecido nos estatutos da cooperativa.

## **Inicio dunha nova etapa, con 2.000 novos socios e socias, e 300 novas tendas para fortalecer a posición**

A directora xeral de EROSKI, Rosa Carabel, dirixiuse ás socias e socios presentes para lles lembrar que *"os relevantes logros acadados estes últimos anos nos reafirman aos socios de traballo e de consumo no papel protagonista deste proxecto. EROSKI inicia esta nova etapa con menos limitacións ca no pasado, pero igualmente enfocados no noso compromiso como empresa cooperativa, para sermos un axente activo de transformación a prol dos socios e da sociedade"*.

EROSKI anunciou que contempla a incorporación de arredor de 2.000 persoas como socias da cooperativa nos vindeiros 5 anos. *"A suma de novas persoas cooperativistas ao noso proxecto é un obxectivo social de primeira magnitude"*, afirmou Rosa Carabel.

Ademais, dentro dos seus plans, EROSKI prevé continuar coa apertura de novas tendas -arredor de 300- e coa transformación da súa rede. Para iso investirá ata 420 millóns de euros ao longo do Plan Estratégico 21-24. Durante a súa intervención, Carabel sinalou que *"a sociedade e os consumidores están a se transformar axiña e os comerciantes deberemos dar as solucións que eles precisan e que serán diferentes das do pasado. Os novos modelos comerciais de EROSKI reflectirán unha aposta decidida polos produtos locais, saudables e sostibles"*.

## **Amplo proceso participativo previo de consumidores e de traballadores socios**

A asemblea celebrada esta tarde culmina un amplo proceso de participación previa dos Socios Traballadores e Socios Consumidores de EROSKI que, na súa organización, integrou as medidas de prevención e seguridade ante a COVID-19 e que suma 139 sesións informativas e xuntas preparatorias presenciais e con conexións dixitais.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

A Presidenta do Consello Reitor de EROSKI, Leire Mugerza, lembrou como "*a solidariedade e cooperación, valores que emanan dos nosos principios cooperativos, estiveron máis presentes ca nunca na nosa actividade e nas nosas persoas durante un ano marcado pola pandemia; precisamente nos momentos máis complicados para a sociedade e cando máis necesarios foron. E é que as nosas singularidades como organización permitíronnos abordar unha situación de incerteza con fortaleza, orientando o noso esforzo a prol da colectividade. É algo polo que cómpre sentirmonos orgullosos, algo que agradecer a todas as persoas que integran este proxecto e algo que nos debe dar pulo para afrontar os novos desafíos con confianza*". Ademais, Mugerza tamén salientou o modelo de gobernanza da cooperativa, "*no que a capacidade de decisión dos socios traballadores e dos socios consumidores marca as directrices do noso proxecto e está a demostrar a súa eficacia e contribución para que EROSKI sexa hoxe un referente no sector e para que os nosos sinais de identidade sexan os dunha organización solidaria e comprometida co benestar social*".

### **Sobre EROSKI**

EROSKI é o primeiro Grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia no Norte do mercado español, que engloba, entre outras, as rexións de Galicia, País Vasco, Navarra, Cataluña e Baleares. A súa rede comercial elévase a 1.624 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolineras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de equipamento deportivo e do seu supermercado online. Ademais, conta tamén con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 33.000 traballadores (socios cooperativistas, traballadores e franquizados).

---

#### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

#### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)